



METAFÍSICAS ESPIRITUALISTAS E MATERIALISTAS

“Hai unha ciencia que estuda o ser en tanto ser e o que lle é propio. Esta ciencia non se confunde con ningunha das chamadas ciencias particulares, pois ningunha delas considera en xeral o ser en tanto que ser, senón unicamente unha parte do mesmo.”

Aristóteles, Metafísica.

METAFÍSICAS

MONISTAS	apesar da pluralidade e diversidade aparente da realidade, o fundamento é un único principio
PLURALISTAS	os principios da natureza son múltiples e irreductibles
MATERIALISTAS	para explicar a realidade non é necesario recurrir a instancias espirituais, que debemos rexeitar
ESPIRITUALISTAS	a realidade non se esgota nas súas compoñentes materiais, precisamos doutro tipo de entidades que exceden o material

METAFÍSICAS


ESENCIALISMO	EXISTENCIALISMO
A esencia de calquer ser é aquilo que lle fai pertencer a unha especie a modo de identidade	Nos seres humanos compartimos unha condición pero non unha natureza esencial
A esencia define o que unha cousa é. Isto aplícase tamén ao ser humano	No ser humano a existencia precede á esencia. Aquelo que sexamos irase configurando através do noso propio devir
O noso ser dita a nosa maneira de actuar. O que facemos é consecuencia do que somos	As nosas accións van definindo o que somos pouco a pouco
A nosa natureza empúxanos a actuar de determinado modo	Somos libres, podemos escoller e cambiar o rumbo das nosas vidas


A realidade que percibimos é soamente aparencia, somos algo máis que corpo e cerebro, os nosos sentimentos e crenzas non se identifican cos estados neurofisiolóxicos que as provocan, somos algo máis que conexións nerviosas e materia, pero **non necesariamente ese principio espiritual é Deus ou un principio relixioso.**

METAFÍSICAS ESPIRITUALISTAS

IDEALISMO PLATÓNICO

O mundo sensible cambia, é imperfecto e imprevisible. Debe existir un mundo permanente, eterno, perfecto e ideal, que sexa fundamento do que percibimos polos sentidos. O mundo das ideas é percibido soamente pola mente. As cousas sensibles participan das ideas como copias imperfectas.






REALIDADE SUBSTANCIAL CARTESIANA

- **res cogitans**, substancia pensante ou alma. Pode ser enganada através da ilusión, mais conta coa razón e a liberdade.
- **res extensa**, substancia material ou mundo. Cousas espazo temporais sometidas ás leis da física. Imperfectas e finitas.
- **res infinita**, substancia divina. Perfecta, eterna e infinita. Realidade suprema que garante o noso coñecemento da realidade. É a única totalmente independente.

ABSOLUTISMO HEGELIANO

A totalidade do real é espírito, que se vai despregando ao longo da Historia até chegar ao **Espírito Absoluto**.

Cada etapa dese proceso, por negativa que sexa, é parte **dialéctica** do mesmo. Así até chegar á autoconciencia, cando a humanidade será máis racional e polo tanto máis libre.



PROBLEMAS DO ESPIRITUALISMO

Problema epistemolóxico: non hai experiencia sensible obxectivable

Problema ontolóxico: ao falar de diversas realidades e/ou grados xorde o problema da súa relación, xerarquía, etc.

Problema antropolóxico: moitas veces introduce un dualismo de non fácil resolución no ser humano



METAFÍSICAS MATERIALISTAS

O único seguro e garantido é aquilo do que temos experiencia e todas elas danse sobre todo no noso **cerebro como soporte material dos nosos pensamentos**. Négase calquera instancia que non teña realidade material.

ATOMISMO CLÁSICO

ÁTOMOS + BALEIRO

Invisibles a simple vista pero **fundamento do real**, son **indivisibles, homoxéneos e inmutables**. Todo o que existe son combinacións destes átomos reconfigurándose continua e espontaneamente polos espazo que deixa o baleiro.



MATERIALISMO HISTÓRICO



Ainda que Marx é herdeiro de Hegel o seu propósito é INVERTIR a súa dialéctica idealista por unha dialéctica materialista:

**A historia humana resulta de
continuas transformacións
baseadas nas contradicións
sociais materiais e que se supera
através da loita de clases**

SUPERESTRUCTURA

ESTRUCTURA

Ideológica

Jurídica

Política

Fuerzas

Productivas

Medios de
producción

Fuerza de trabajo

Relaciones sociales de producción

PROBLEMAS DO MATERIALISMO

EPISTEMOLÓXICO

En último termo implica tamén a **afirmación dunha realidade independente** da que non teño coñecemento fidedigno (*como afirmar que existe algo a maiores da percepción que teño diso?*)

ANTROPOLÓXICO

Ten como consecuencia o **determinismo** (todos os nosos actos explícanse mecanicamente pola súa base material) e o **problema mente/cerebro** (os meus pensamentos, intuicións, emocións non son máis que as conexións fisiolóxicas)

METAFÍSICO

Con moitas dificultades podemos dicir que os materialismos responden ás cuestións metafísicas polo que poderían **deixar irresoltos os problemas** que tratan de resolver

MANUEL CEBRAL LOUREDA 2018



**Attribution-NonCommercial-ShareAlike
3.0 Unported (CC BY-NC-SA 3.0)**